

BOLSAS DE COLABORACIÓN CURSO 2015-2016

Estimado Director:

O Ministerio de Educación ven de asignar á USC **80** Bolsas de Colaboración para o curso 2015-2016, destinadas a iniciar nas tarefas de investigación ao alumnado do último curso do grao ou segundo ciclo ou primeiro curso de Máster que preste a súa colaboración nun Departamento, Instituto de Investigación ou Centro Singular, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.

Para asignar as ditas prazas a USC abre un prazo para que os **Departamentos, Institutos e Centros Singulares** comuniquen o seu interese en recibir bolseiros da antedita convocatoria e o número de bolsas que solicitan. Esta petición debe ser enviada por correo electrónico á dirección cittinfo@usc.es, **cumprimentando o formulario que se achega** (http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1632_gl.doc), que deberá ser asinado en enviado en formato pdf antes das 12 horas do día 18 de xuño de 2015.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Presentación de Solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes rematará ás **12 horas do día 18 de xuño de 2015.**

ASIGNACIÓN DAS BOLSAS

A asignación de bolsas realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- 1.-Elaborarse unha unha listaxe ordenada dos departamentos, Institutos de Investigación, Centros Singulares solicitantes atendo aos criterios de ordenación que aprobe o Consello Social
- 2.-Asignarse unha bolsa a cada un dos Departamento, Instituto de Investigación, Centro Singular que previamente o solicite.
- 3.-No caso de que houbera **menos** bolsas que departamentos, Institutos de Investigación, Centros Singulares solicitantes, remataría a listaxe no último departamento, Instituto de Investigación, Centro Singular que coincida co número de bolsas asignadas á USC polo Ministerio.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía

Edificio CACTUS – Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 547 040 - Fax 981 547 077
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
<http://imaisd.usc.es>

3- No suposto de que houbera **mais** bolsas que departamentos, Institutos de Investigación, Centros Singulares solicitantes asignaríase unha segunda bolsa ata completar o número de bolsas asignadas polo Ministerio.

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a súa colaboración neste proceso.

Santiago de Compostela, 08 de xuño de 2015
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación